

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitarlle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establece que a atención hospitalaria caracterízase por:

- A) Por unha alta tecnoloxía que os e as pacientes precisan para a súa adecuada atención sanitaria.
- B) A verificación do cumprimento dos estándares sanitarios requiridos.
- C) Un enfoque global e integrado da atención e a saúde.
- D) Por asumir un papel orientador e de canalización da asistencia requirida polo ou a paciente.

2. Segundo o artigo 93 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, integran o Servizo Galego de Saúde:

- A) Exclusivamente os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Xunta de Galicia.
- B) Exclusivamente os centros sanitarios creados pola Xunta de Galicia e os precedentes de transferencias.
- C) Os centros sanitarios creados pola Administración da Xunta de Galicia, os precedentes de transferencias e os establecementos sanitarios concertados.
- D) Os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Administración da Xunta de Galicia ou procedentes de transferencias, así como as entidades sanitarias de natureza pública que se lle adscriban.

3. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica:

- A) Conterá suficiente información para identificar ao paciente e documentar o seu proceso de atención sanitaria.
- B) Non debe conter valoracións subxectivas sobre a evolución clínica do paciente.
- C) É propiedade do médico ou profesional responsable.
- D) Debe destruírse cando transcorran 20 anos desde o falecemento do paciente.

4. Segundo o disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Xunta de Galicia:

- A) Responde políticamente ante o Parlamento.
- B) Pode asinar tratados internacionais, con excepción dos que teñan carácter militar.
- C) Está composta polo Presidente, Vicepresidente ou Vicepresidentes, Conselleiros, Secretarios Xerais e Directores Xerais.
- D) Pode ditar, en caso de extraordinaria e urxente necesidade, disposicións lexislativas provisionais que tomarán a forma de decretos-leis.

5. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, define os "danos derivados do traballo" como:

- A) As lesións físicas sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- B) As enfermidades, patoloxías ou lesións derivadas do uso dun equipo de traballo.
- C) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- D) As lesións derivadas do traballo que non teñan a súa causa nas características persoais do traballador.

6. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal fixo:

- A) A selección efectuarase con carácter xeral polo procedemento de concurso-oposición.
- B) Debe axustarse a unha taxa de reposición de efectivos.
- C) Non pode realizarse polo sistema de oposición.
- D) Non pode realizarse polo sistema de concurso.

7. A Constitución Española propugna como valores superiores do ordenamento xurídico:

- A) A solidariedade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.
- B) A autonomía, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.
- C) A liberdade, a xustiza, a igualdade e a autonomía administrativa.
- D) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

8. Segundo o artigo 63 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, en que situación administrativa se atopa o persoal estatutario en comisión de servizos en praza da mesma categoría profesional noutro centros sanitario do Servizo Galego de Saúde?

- A) Situación de servizo activo.
- B) Situación de servizos especiais.
- C) Situación de servizo baixo outro réxime xurídico.
- D) Situación de excedencia por incompatibilidade.

9. Segundo o artigo 11 da Lei Xeral de Sanidade, cal das seguintes opcións é unha obrigaón dos cidadáns coas institucións e organismos do Sistema Sanitario?

- A) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.
- B) Elixir médico e demais titulados sanitarios.
- C) Participar a través das institucións comunitarias nas actividades sanitarias.
- D) Obter os medicamentos e produtos sanitarios que se consideren necesarios para promover, conservar ou restablecer a súa saúde.

10. De conformidade co artigo 4 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, o consentimento informado debe recabarse:

- A) Polo persoal de enfermería.
- B) Polo persoal do servizo de admisión do centro sanitario.
- C) Polo médico designado polo centro sanitario para a atención do paciente ou polo que practique a intervención diagnóstica ou terapéutica do propio paciente.
- D) Indistintamente polo persoal médico ou de enfermería.

1. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde:

- A) É unha axencia pública adscrita á Consellería de Sanidade.
- B) Denomínase tamén Sistema Público de Saúde de Galicia.
- C) Está adscrito ao Consello de la Xunta.
- D) Está dotado de plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

2. Cal dos seguintes dereitos recoñecidos na Constitución Española NON ten a condición de dereito fundamental?

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) O dereito á vida.
- C) O dereito á integridade física e moral.
- D) O dereito a circular polo territorio nacional.